

14) WOMEX

THE WORLD MUSIC EXPO

Santiago de Compostela
Galicia, Spain
22 – 26 October 2014
www.womex.com



<http://www.nordesia.com/womex14>

14) WOMEX

WORLD MUSIC EXPO

"The most important international professional market of world music of every kind. This international fair brings together professionals from the worlds of folk, roots, ethnic and traditional music and also includes concerts, conferences and documentary films. It contributes to networking as an effective means of promoting music and culture of all kinds across frontiers."

UNESCO

Global Alliance for Cultural Diversity



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



WOMEX, unha plataforma internacional en rede

WOMEX é unha plataforma internacional e unha rede para a industria das músicas do mundo.

WOMEX está dirixido a artistas e profesionais do sector musical no ámbito da chamada 'world music'

WOMEX realízase anualmente e en cada edición de cinco días de duración inclúese unha feira comercial, un Showcase Festival, un programa de conferencias, unha programación de cine e ademais un concerto de apertura e unha cerimonia de clausura con entrega dos premios anuais WOMEX.

WOMEX

THE WORLD MUSIC EXPO

Networking

Showcase Festival

Trade Fair

Conference

Film Screenings

Awards

virtualWOMEX

WOMEX, 20 anos de traxectoria

WOMEX é unha iniciativa da compañía alemá Piranha, propietaria da marca WOMEX e responsable do deseño, dos contidos, da comunicación e da comercialización do evento.

WOMEX sumará en Santiago de Compostela a súa edición número XX e durante estes 20 anos veu reafirmando o seu valor como rede e plataforma internacional a través das fronteiras; tanto no plano musical, cultural ou comercial.

Desde 1994 WOMEX estivo viaxando ao longo de Europa desde o seu inicio en Berlín (1994), vía Bruxelas (1995), Marsella (1997), Stockholm (1998), Berlín (1999 2000), Rotterdam (2001), Essen (2002 2004), Newcastle (2005), Sevilla (2003, 2006 - 2008), Copenague (2009-2011), Tsalónica (2012) ata Cardiff (2013).

A edición número 20 de WOMEX terá lugar en Santiago de Compostela desde o mércores 22 ata o domingo 26 de outubro de 2014.



WOMEX 14 Santiago de Compostela

A selección das cidades sede de WOMEX realízase mediante unha convocatoria de alcance europeo. O proceso para a selección de Santiago iníciase no ano 2009. A candidatura é promovida conxuntamente pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a empresa Nordesía Producións.

A selección de Santiago de Compostela como sede para a realización de WOMEX 14 prodúcese no ano 2012 logo de acreditar a solvencia económica, os apoios institucionais e as condicións obxectivas para a materialización; entre outras:

- Socio local con traxectoria e experiencia na organización de eventos musicais
- Recinto para a realización da feira profesional
- Escenarios para a realización dos concertos
- Prazas hoteleiras e infraestruturas para acoller a 2.500 delegados
- Conexións aéreas internacionais



WOMEX encontro profesional, concertos e máis

quen participa?

Profesionais, empresas, compañías, institucións, artistas

Para participar en WOMEX como profesional é necesario acreditarse mediante o pagamento dunha inscrición individual, como empresa, como institución ou como colectivo con interese no negocio da música.

WOMEX desenvólvese durante 5 días e estrutúrase a través de diferentes áreas de contidos orientadas a facilitar a actividade profesional dos diferentes axentes da 'world music'.


WOMEX 14: espacios

Cidade de Cultura/Centro Gaiás/Museo

Feira profesional
Conferencias
Networking
Mentoring Sessions
Day showcases

Centro Histórico de Santiago

Praza da Quintana
Auditorio NovaGalicia Banco
Teatro Principal
Salón Teatro
Sala Capitol
Auditorio de Galicia






WOMEX Tradefair, Feira profesional:

Lugar:

Museo Centro Gaiás

250 stands de empresas, artistas e institucións
2.500 delegados
300 xornalistas nacionais e internacionais, incluídas 130 emisoras de radio
800 programadores e promotores de concertos
560 discográficas e distribuidoras
590 expositores de 50 países en 250 stands

*Datos da edición 2013





Showcase Festival

Lugar: Praza da Quintana, Auditorio NovaGalicia Banco, Teatro Principal, Salón Teatro, Sala Capitol

O programa WOMEX Festival Showcase créase sobre a base dunha convocatoria anual á que os artistas envían as súas propostas. Nesta edición a convocatoria vai desde o 20 de febreiro ata o 18 de abril de 2014.

A selección do Festival Showcase (e Conferencia) faise cada ano por un novo grupo de 7 membros do xurado (os famosos 7 Samurais). WOMEX recibe cada ano máis de 800 propostas.

WOMEX serviu para dar a coñecer, entre outros a artistas como:

Cesária Évora, Fanfare Ciocarlia, Andy Palacio, Mariza, Baaba Maal, Ojos de Brujo, Ibrahim Maalouf, Mokoomba, Sam Lee... por citar só algúns



Programa de showcases

O programa de concertos/showcases desenvólvese durante 3 días:
de xoves 23 a sábado 25 de outubro.

selección oficial **WOMEX**:

Carpa Praza da Quintana (2 escenarios): 18 artistas

Auditorio NovaGalicia Banco: 9 artistas

off**WOMEX**:

Salón Teatro: 9 artistas

Local stage: **Teatro Principal**

Salón Teatro: 9 artistas

Focus: Diversidade musical da Península e conexións con Latinoamérica

Xurado específico

DayCase:

Museo Centro Gaiás (Cidade da Cultura de Galicia): 6 artistas



Conferencias

Lugar: Salas Museo Gaiás

O obxectivo deste programa é abordar as últimas tendencias da industria da música así como as novidades xurdidas no último ano. Profesionais experimentados e invitados especiais ofrecen aos delegados a súa experiencia nas sesións de conferencias, reunións de redes e relatorios, 'speed-dating' e un programa de Mentoring.

O programa de conferencias tamén se conforma a partir dunha convocatoria aberta anual de propostas (do 20 de febreiro ao 18 de abril de 2014).

Networking profesional

Lugar: Salas Museo Gaiás

WOMEX serve ademais para acoller encontros profesionais de diferente ámbito e temática para abordar e debater axendas e temas de interese. Mentoring sessions

Mentoring sessions

Sesións dinamizadas por expertos e profesionais de prestixio da industria musical para compartir os seus coñecementos en todo tipo de áreas clave



Film Screening

WOMEX 14, en cooperación co IMZ e o Centro de Prensa Internacional de Viena, presenta a 13ª edición do IMZ Film Screenings, amosando documentais recentes así como gravacións de concertos con músicos de todo o mundo ou temas relacionados coa música. As propostas de cine son seleccionadas polo IMZ.



Concerto inaugural

Lugar: Auditorio de Galicia

Cada nova edición WOMEX comeza cun gran Concerto de Apertura que polo xeral se centra na música e nos artistas do país ou territorio que alberga esa edición.

Dj Summit

Unha recente incorporación: o encontro anual e o desexo de profesionalización dun sector de músicos e de artistas que cada vez teñen máis protagonismo na oferta musical de festivais e clubs.



Premios anuais WOMEX

Desde a introdución do Premio WOMEX en 1999, a lista de extraordinarios artistas e profesionais merecedores desta mención especial seguiu crescendo.

WOMEX presenta tres premios cada ano:
Premio WOMEX Artista
WOMEX Premio Excelencia Profesional
Premio Label WOMEX



Obxectivos WOMEX

- Promover a circulación a escala mundial das músicas de inspiración tradicional, das músicas de raíz e en xeral das músicas representativas das diferentes culturas do mundo.
- Asentar unha plataforma internacional de profesionais da 'world music'.
- Servir de oportunidade para a promoción de artistas, empresas e compañías de todo o mundo.
- Difundir a diversidade cultural a través da música

Obxectivos WOMEX 14

- Situar internacionalmente a música, os artistas e o sector profesional da música de Galicia e de España en xeral.
- Darlle visibilidade ao sector musical en Galicia e en España desde a especificidade e a diversidade.
- Promover unha plataforma de negocio e intercambio con Latinoamérica: Atlantic Connection.
- Promocionar Santiago de Compostela como Capital Internacional para a Cultura.

Entidades organizadoras

Piranha: Propietaria e responsable da marca WOMEX. Tamén organiza outros eventos como: Classical: NEXT (Viena), Porto Musical (Recife, Brasil) o Atlantic Music Expo Cape Verde (AME).

Nordesía Produccións: Socio local e promotor privado da edición 2014. Fundada en 1996, esta produtora foi un dos axentes máis importantes da "world music" en Galicia e na Península. Desenvolveu a súa actividade principalmente no ámbito do management, da produción de eventos e na distribución de artistas internacionais. Presente en WOMEX desde 1997, Nordesía ten un papel destacado na promoción internacional da música galega.

((piranha))) nordesía



WOMEX14, apoios e colaboradores

Internacional:

UNESCO
Comisión Europea

España:

Gobierno de España
(a través de Dirección General de Industrias Culturais e INAEM)

Galicia

Xunta de Galicia (promotor institucional), a través da Consellería de Educación, Cultura e Deporte (Dirección Xeral de Cultura, AGADIC, Cidade da Cultura de Galicia e Dirección Xeral para o Turismo)

Concello de Santiago (promotor institucional e socio estratéxico), a través de INCOLSA



Santiago de
Compostela

14) WOMEX
THE WORLD MUSIC EXPO

Santiago de Compostela
Galicia, Spain
22-26 October 2014
www.womex.com

Organizacións sectoriais

SGAE (Fundación SGAE eConsejo Territorial de SGAE)

AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais)

ACCES (Asociación española de salas de música)

Clubtura (Asociación de Salas de Música ao Vivo)

Músicos Ao Vivo

Asociación Hostelería de Compostela

Cámara de Comercio de Santiago





Apoios internacionais

WOMEX conta cunha ampla rede de socios de todo o mundo - incluíndo empresas, redes, organizacións, conferencias, feiras, festivais e medios como a BBC ou o British Council.

AAIF - Association of Independent Festivals, APAP - Association of Performing Arts Presenters, ARTERIAL NETWORK, Arts Council England, Arts Management Network, Association of Festival Organisers, The Berlin Music Commission, BM&A - Brasil Musica e Artes, The British Council, Bureau Export de la Musique Française The Celtic Crier, Conseil Francophone de la Chanson, DFMO.NET -Information Agency, EBU Worldmusic Workshop, EFWMF - European Forum of Worldwide Music Festivals, EMO - European Music Office, Folk Against Fascism (FAF), Foundation Arezzo Wave Italia, Freemuse, Fusion Embassy, IMZ, Korea Arts Management Service, Live Music Exchange, Maison des Cultures du Monde-World Cultures Institute, Organisation Internationale de la Francophonie, Profolk, Songs.hu, VUT, World Music Charts Europe, Zone Franche...

Medios

100% Culture, Africultures, Afropop Worldwide, Aliado Digital, All About Jazz, Artex, Audience, BBC RADIO 3, Beat Latino, Blitmos, CJC Music Radio, Deutsche Welle, Diaspora World Beat, Estación Tierra, Ethno-Cloud, Fabrika, Fly, Folker, fRoots, Gadki z Chatki, Grizine, Groovalizacion Radio, Guia Flama, il giornale della Musica, IndiEarth, IRMA, Jazziz, Jazzthetik, Jazz thing & Blue Rhythm, JazzTimes, Jazzwise, La Scène, Lira, melodie&rhythmus, Mixed, multicult.fm, Musikmarkt, MusikWoche, Muzikas Saule, Österreichischer Musikatlas, Pollstar, Radio Gladys Palmera, Radio Mandinga, RFI - Radio France Internationale, RootsWorld Magazine, Rough Guide to World Music, Rough Guide Weltmusik, Songlines, Spiral Earth, The Baltic Scene, WDR Funkhaus Europa, WhatsOn UK, World Free Music, World Music Central, Zaynnah Magazine.



WOMEX en cifras (Cardiff 2013)

2.250 delegados e 1.260 empresas de 90 países.

800 programadores

560 selos, editores e distribuidores.

680 axentes de booking, 560 managers e 270 produtores.

300 xornalistas nacionais e internacionais, incluíndo 130 emisoras de radio.

Feira comercial con 590 empresas expositoras procedentes de 50 países en 250 stands.

60 Showcase e 300 artistas de máis de 40 países en 7 escenarios.

DJ WOMEX Summit cun programa específico Showcase e Conferencias.

80 oradores e mentores de 25 países en máis de 20 sesións de conferencias; numerosas reunións de redes, presentacións, recepcións e Speed-Dating.

Proxeccións de filmes

WOMEX Webcast, en cooperación con Mondomix (Francia)

WOMEX Radio Estudio organizado pola BBC (Reino Unido), NRK (Noruega), RBB e WDR (Alemania), e as grabacións da BBC do Festival.

virtualWOMEX - o portal de acceso en liña á comunidade mundial da música.

galiciantunes

Galicia ten unha estratexia

En 2009 profesionais do sector musical co apoio da Consellería de Cultura acordan poñer en marcha unha estratexia destinada a impulsar a internacionalización da música galega e converter a Galicia en sede do WOMEX será o primeiro paso.

O máis importante evento cultural en Galicia

Unha grande oportunidade para...

- A música galega
- A proxección internacional da cultura galega
- A cidade de Santiago
- O posicionamento de Santiago e de Galicia no mundo

Impacto de WOMEX 2014

Ademais do valor cultural, o Womex supón un extraordinario efecto económico e de imaxe na cidade que o hospeda.

- Impacto económico directo e indirecto en múltiples sectores: hostalaría, comercio minorista, servizos de eventos, seguridade, institucións culturais, transportes, etc. Cifrado en **2,5 millóns de euros** nas últimas edicións.
- Impacto na imaxe de marca da cidade, do país, do seu tecido cultural e da súa industria musical derivado da visibilidade que produce o impacto internacional da Feira.

Impacto económico directo

- Impacto directo na economía local: 3000 persoas entre delegados, artistas, organización, técnicos...
- 99% do gasto en organización investido en empresas locais (alugueiro, soldos, escenarios, catering,...)

2,5 millóns de investimento total na cidade, con efectos indirectos no emprego en varios sectores, tanto antes, como durante e despois do evento.

Impacto de imaxe

Algúns datos relativos ao impacto mediático e de imaxe do Womex 2012:

- participantes provintes de 90 países
- 330 xornalistas internacionais
- 160 emisoras de radio
- programas en directo para emisoras de toda Europa

Impacto cultural/musical

Womex 2014 é o primeiro chanzo nun camiño cara a...

- unha estratexia de internacionalización da nosa música e da nosa industria musical.
- o reposicionamento da música galega no novo contexto (dixital e internacional)
- a proxección internacional da nosa cultura.
- o posicionamento de Santiago e de Galicia como lugares con discurso propio a nivel internacional
- a reorientación de Santiago como destino turístico de calidade

Obxectivos estratéxicos

- Incrementar a contribución actual do sector musical e da cultura ao PIB.
- Posicionar a música, a produción cultural e a creatividade feita en Galicia no mercado internacional.
- Liberar o potencial da cultura como activo clave para a innovación e para o cambio de patrón produtivo para facer dela un sector estratéxico na sociedade do coñecemento.
- Aproveitar o potencial da cultura como valor engadido para outros ámbitos, especialmente no caso dos territorios, aumentando a súa calidade, valorizando o seu patrimonio, incrementando o seu atractivo.
- Contribuír á promoción dun turismo de calidade.

14) WOMEX

THE WORLD MUSIC EXPO

Santiago de Compostela
Galicia, Spain

22 – 26 October 2014

www.womex.com

<http://www.nordesia.com/womex14>



nordesia

